

Servizo de Participación Cidadá

Concellería
de
Participación Cidadá e Festas

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 10596/320

ASUNTO: INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

INFORME-PROPOSTA

ANTECEDENTES

Con Rexistro electrónico de entrada de data 24/04/22 (CÓD. SOLICITUDE: W684857-7377) e posteriores achegas até o 26 de maio de 2022 ca documentación requerida, a ASOCIACIÓN HERMANDAD DE DEVOTOS DE SAN ROQUE solicita a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións e achega a seguinte DOCUMENTACIÓN, asinada co certificado electrónico da representante legal:

- Formulario de inscrición (datos da asociación e das persoas que ocupan os cargos directivos).
- Copia visada electrónicamente dos Estatutos da entidade.
- Copia da inscrición da asociación no Rexistro Provincial de Pontevedra de Asociacións.
- Orzamento do presente ano.
- Programa de actividades previstas no presente ano no término municipal de Vigo.
- Certificado da presidenta da entidade dos ingresos por cota de asociado e do número de asociados.
- Copia da cédula de identificación fiscal (CIF) da entidade.
- Certificado bancario do número de conta da asociación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Regulamento de Participación Cidadá aprobado polo Concello de Vigo en Pleno de data 26/03/1992
- Decreto de Delegacións da Alcaldía-Presidencia en concelleiros-delegados de data 17 de agosto de 2020.

II. Procedemento de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

Correspóndelle a esta corporación local favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, e que estes dereitos soamente serán exercitables por aquelas que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

Examinada a documentación obrante no expediente consta que :

- A asociación achega xunto coa solicitude a documentación e demais datos que esixe o artigo 236.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o vixente Regulamento de Participación Cidadá aprobado polo Concello de Vigo en Pleno de data 26/03/1992.

- A asociación está incluída no ámbito de aplicación da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e que, por resolución de data 14 de febreiro de 2022 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia, inscribiuse a asociación co número de rexistro: **2022/24929-1**.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 30/05/2022 14:45

Páxina 1 de 2

10596-320

CSV: AAADAH-E585B1-DBC4BB-VTCTS7-95SDGP-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de Participación Cidadá

Concellería
de
Participación Cidadá e Festas

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 10596/320

ASUNTO: INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

III. Órgano competente:

O órgano competente para resolver o presente procedemento é o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, en virtude das competencias delegadas por Resolución do Alcalde do 17/08/2020.

De conformidade co anteriormente exposto e, en virtude do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, R.D. 2568/1986 do 28 de novembro de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, Regulamento de participación cidadá aprobado polo Concello de Vigo en Pleno de data 26/03/1992 e a Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, fórmase ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas, para os sós efectos de publicidade e coñecemento do número de entidades existentes no municipio, os seus fins e representatividade, que posibiliten unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo municipal, a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Inscribir a **ASOCIACIÓN HERMANDAD DE DEVOTOS DE SAN ROQUE** con número municipal **1417-22** e coa seguinte clasificación:

Tipo: **3.- Deporte, ocio e tempo de lecer.**

Tema: **2.- Festivas e de lecer.**

Grupo: **0.- (Outras sen clasificar)**

SEGUNDO: Notificar a presente resolución á entidade interesada facendo constar que contra a presente resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes, ou ben, transcorrido dito prazo, recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución, ou da data na que o recurso de reposición interposto deba entenderse desestimado, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA

CCP/mjm

Na data da sinatura dixital
A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
(Resolución do 11/04/2022)
Carla Candia Paz

E de conformidade ca proposta formulada, **RESOLVO:**

Na data da sinatura dixital
O Concelleiro de Participación Cidadá e Festas
Pablo Luis Estévez Rodríguez

Dou FE: A Secretaria de Administración Municipal
Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 30/05/2022 14:45

Páxina 2 de 2

10596-320

CSV: AAADAH-E585B1-DBC4BB-VTCTS7-95SDGP-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>